

Estatística de protección de menores 2023

Operación estatística n.º 2506-02-OE06



XUNTA
DE GALICIA

Estatística de protección de menores 2023

Operación estadística n.º 2506-02-OE06

XUNTA
DE GALICIA

Estatística de protección de menores. Operación estadística 2506-02-OE06. 2023.

Elabora:

Consellería de Política Social e Igualdade, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia, Servizo de Protección de Menores.

Edita:

Consellería de Política Social e Igualdade, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Santiago de Compostela, 2026.

<https://politicasocial.xunta.gal/gl/recursos/publicacions/estadistica-de-proteccion-de-menores>



Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0

España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Índice

Introducción	6
Normativa	8
Unidades estadísticas	12
1. Menores tutelados	13
2. Menores en situación de guarda	15
3. Acollimento e menores acollidos	16
3.1. Acollimento familiar	16
3.2. Acollimento residencial.....	18
4. Adopción e menores adoptados	21
4.1. Adopción nacional	21
4.2. Adopción internacional.....	22
5. Programas de apoio e beneficiarios	25
5.1. Atención de día	25
5.2. Programa de integración familiar (PIF)	27
5.3. Programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco e desamparo	28
5.4. Programa de intervención ambulatoria con adolescentes que teñan aberto expediente de protección e en conflito social	28
5.5. Programa de inserción sociolaboral de menores (Mentor)	29
6. Nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados (NNAMNA)	30
7. Liña de axuda á infancia	32



Introducción

Introdución

A consellería de Política Social e Igualdade, de acordo co artigo 1 do Decreto 58/2022 do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, asume, entre outras, as competencias en materia de servizos sociais, incluídas as áreas de familia, menores e benestar social. En concreto, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, leva a cabo as funcións de planificación, xestión, coordinación, seguimento, avaliación e control dos programas, servizos e centros relativos á protección da familia, á atención dos/das menores en situación de risco ou desamparo, en aplicación do previsto na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

O órgano responsable da xestión destas materias é a Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia, así como as xefaturas territoriais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Unha síntese cuantitativa anual da progresión e resultados no desenvolvemento destas competencias é a estatística de protección de menores, que recolle os datos principais referidos aos expedientes de menores que están baixo a acción protectora da Xunta de Galicia que poden resultar de interese. Os datos refírense a tutelas, gardas, acollemento familiar e residencial, adopción nacional e internacional, nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados e varios programas destacados de atención a familias e a menores en situación de risco ou desamparo.

A edición deste ano, cos datos correspondentes a 2023 responde á estrutura e contido descritos na operación estatística 2506-02-OE05 Estatística de protección de menores do Instituto Galego de Estatística.



Normativa

Normativa

A continuación cítanse as normas de diferente rango aplicables a menores e familias nos ámbitos internacional, nacional e autonómico.

Normativa internacional:

- Convención sobre os dereitos do neno adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, e ratificada polo Instrumento do 30 de novembro de 1990 (BOE nº 313, do 31.12.1990).
- Convenio relativo á protección do neno e a cooperación en materia de adopción internacional. A Haia, 29 de maio de 1993. Ratificado polo Instrumento do 30 de xuño de 1995 (BOE nº 182, do 1.08.1995).
- Convenio europeo en materia de adopción de menores (revisado). Estrasburgo, 27 de novembro de 2008. Ratificado polo Instrumento do 16 de xullo de 2010.

Normativa estatal:

- Código Civil do 29 de xullo de 1889 (arts. do 109 ao 111, do 160 ao 180, 201, 215, 216, do 222 ao 233, 239, 242 e do 259 ata o 285).
- Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil. (BOE núm. 15 do 17.01.1996).
- Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (BOE nº 134, do 5.06.2021).
- Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. (BOE nº 175, do 23.07.2015)
- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. (BOE nº 180, do 29.07.2015)
- Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social (arts. 35 e 36). (BOE nº 10, do 12.01.2000). Modificada por Lei orgánica 2/2009, do 11 de decembro (BOE nº 299, do 12.12.2009)
- Real decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma por Lei orgánica 2/2009. (BOE nº 103 do 30.04.2011).
- Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional (BOE nº 312, do 29.12.2007).

Normativa autonómica:

- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (DOG nº 134, do 13.07.2011).
- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia (DOG nº 124, do 29 .06.2006). Modificada pola Lei 3/2011, do 30 de xuño.
- Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG nº 45, do 6.03.2000). Modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro (DOG nº 222, de 14.11.2003) e polo Decreto 184/2008, do 24 de xullo, polo que se crea o Observatorio Galego da Infancia (DOG nº 169 do 2.09.2008). Título III derogado pola Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG nº 156, do 16.08.2005).
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais de Galicia (DOG nº 14, do 20.01.2012).
- Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude (DOG nº 130, do 08.07.2022).



Unidades estadísticas

1. Menores tutelados

Correspóndelle á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Xuventude, asumir a tutela dos menores desamparados que residan ou se atopen transitoriamente na Comunidade Autónoma de Galicia. A asunción da tutela atribuída á entidade pública leva consigo a suspensión da patria potestade. Así mesmo, leva implícita a garda da persoa menor por parte da entidade pública.

Enténdese por desamparo a situación que se produce de feito por mor do incumprimento ou do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda das persoas menores, cando estas queden privadas da necesaria asistencia.

Consideraranse situacións de desamparo:

- a) O abandono da persoa menor de idade.
- b) A existencia de malos tratos físicos ou psíquicos ou de abusos sexuais por parte das persoas da unidade familiar ou de terceiras persoas con consentimento daquelas.
- c) A negligencia grave no cumprimento das obrigas alimentarias, hixiénicas ou de saúde, sempre que supoña un prexuízo grave para a integridade do neno ou a nena ou do/da adolescente.
- d) A indución do neno, nena ou adolescente á mendicidade, á delincuencia, á prostitución ou a calquera outra forma de explotación económica ou sexual do menor, ou permisividade respecto destas condutas.
- e) As condutas adictivas da persoa menor de idade co consentimento ou a tolerancia das persoas que exerzan a súa garda.
- f) O trastorno mental grave dos pais, nais, titores/as ou gardadores/as que impida o normal exercicio da patria potestade, da tutela ou da garda.
- g) As condutas adictivas nas persoas que integran a unidade familiar e, en especial, das que posúen a patria potestade ou a tutela, sempre que menoscaben gravemente o desenvolvemento e o benestar da persoa menor.
- h) A convivencia nun contorno sociofamiliar que deteriore gravemente a integridade moral do neno, nena ou adolescente ou prexudique o desenvolvemento da súa personalidade.
- i) A falta de persoas ás cales lles corresponde exercer as funcións de garda ou cando estas persoas estean imposibilitadas para exercelas ou en situación de exercelas con perigo grave para o neno, nena ou adolescente.

- j) A falta de escolarización habitual do neno, nena ou adolescente co consentimento ou a tolerancia dos pais, nais ou das persoas que exerzan a garda, sempre que menoscabe o desenvolvemento e o benestar da ou do menor, ou sempre que supoña un prexuízo grave do neno, nena ou adolescente.
- k) Calquera outra situación de desprotección que se produza de feito a causa do incumprimento ou dun imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda das persoas menores de idade cando estas queden privadas da necesaria asistencia moral ou material.

**Táboa nº 1. Menores en situación de tutela pola Xunta. Galicia e provincias.
Ano 2023.**

Menores en situación de tutela 2023			
	Nenos	Nenas	Total
A Coruña	371	392	763
Lugo	107	98	205
Ourense	121	117	238
Pontevedra	341	326	667
Total Galicia	940	933	1.873

2. Menores en situación de garda

Á entidade pública de protección de menores correspóndelle a garda das persoas menores das que teña asumida a tutela.

Ademais, cando os pais, nais, ou titores, por circunstancias graves, cumpridamente avaliadas, non poidan coidar o ou a menor, poden solicitar da Xunta de Galicia que esta asuma a súa garda durante o tempo necesario.

Así mesmo, a Xunta de Galicia asumirá a garda cando así o acorde o xuíz.

Nesta unidade estatística só se reflicten as dúas últimas (garda rogada e xudicial) xa que a primeira enténdese incluída dentro da unidade “menores en situación de tutela”.

A garda asumida pola Administración, sexa como función inherente á tutela, por petición dos pais ou por resolución xudicial, exercece mediante o acollemento familiar e o acollemento residencial.

Táboa nº 2.1. Menores en situación de garda. Galicia e provincias. Ano 2023.

Menores en situación de garda. Galicia e provincias. Ano 2023			
	Nenos	Nenas	Total
A Coruña	174	155	329
Lugo	23	30	53
Ourense	49	56	105
Pontevedra	108	102	210
Total Galicia	354	343	697

Táboa nº 2.2. Menores segundo tipo de garda. Galicia. Ano 2023.

Menores segundo o tipo de garda. Ano 2023			
	Nenos	Nenas	Total
Administrativa	191	166	357
Xudicial	6	0	6
Provisional	158	176	334
Total gardas	355	342	697

3. Acollemento e menores acollidos

O acollemento é o modo de exercicio da garda como medida de protección da persoa menor, e consiste na integración do neno ou nena nunha familia acolledora (acollemento familiar) ou no seu aloxamento e atención nun centro axeitado (acollemento residencial). A familia ou persoa acolledora ten a obriga de velar polo neno ou nena, telo na súa compañía, alimentalo, educalo e procurarlle unha formación integral.

Os principios de actuación no acollemento son:

- a) Darlle prioridade ao acollemento familiar sobre o residencial.
- b) Evitar, na medida do posible, a separación de irmáns e procurar o seu acollemento por unha mesma familia ou nun mesmo centro.
- c) Favorecer a permanencia do neno, nena ou adolescente no seu propio ambiente, procurando que o acollemento se produza na familia extensa agás que non sexa aconsellable para o interese da persoa menor acollida ou dos menores do grupo familiar acolledor.
- d) Fomentar as relacións entre o neno, nena ou adolescente e a súa familia natural para posibilitar a súa reintegración a esta.
- e) Manter a medida polo tempo estritamente necesario.
- f) Fomentar a integración do neno, nena ou adolescente no contorno social e a asistencia aos sistemas educativos, sanitarios e laborais.
- g) Co obxecto de facilitar a integración do menor nunha unidade familiar poderase compatibilizar a utilización do acollemento residencial e o familiar.

Nesta unidade estatística non se recollen os acollementos preadoptivos, que son os constituídos como paso previo á adopción e mediante os que ten lugar un período de convivencia entre o ou a menor e a familia asignada co obxectivo de valorar o acoplamento entre ambas as dúas partes.

Existen dous tipos de acollemento: o acollemento familiar e o acollemento residencial.

3.1. Acollemento familiar

Mediante este tipo de acollemento outórgase a garda dunha persoa menor a unha persoa ou núcleo familiar coa obriga de coidala, alimentala, educala por un tempo co fin de integrala nunha vida familiar que substitúa ou complementa temporalmente a súa familia biolóxica.

O acollemento pode ter lugar na familia extensa do menor (isto é, cando existen vínculos de parentesco entre a familia acolledora e o/a neno/a ou adolescente: avós, tíos, irmáns...) ou ben en familias alleas (cando non existe parentesco). Sempre que sexa posible, e que as circunstancias propias do caso non o desaconsellen, considérase prioritario que o acollemento se faga na familia extensa, para favorecer a permanencia do/da menor no seu propio ambiente.

Por outra banda, atendendo ás circunstancias da persoa acollida e da familia acolledora, esta pode percibir ou non unha compensación económica polo acollemento; falamos así de acollementos remunerados ou non remunerados.

Táboa nº 3.1.1. Acollemento familiar en Galicia. Ano 2023.

	Familia extensa			Familia allea			Totais		
	Nenos	Nenas	Familias	Nenos	Nenas	Familias	Nenos	Nenas	Familias
A Coruña	243	270	355	84	78	110	327	348	463
Lugo	20	26	38	24	20	25	44	46	61
Ourense	45	42	74	27	41	44	72	83	112
Pontevedra	188	177	284	57	48	67	245	225	352
Total Galicia	496	515	751	192	187	249	688	702	997

Táboa nº 3.1.2. Acollemento familiar segundo a situación administrativa dos menores. Galicia e provincias. 2023.

Acollemento familiar segundo a situación administrativa dos menores. Galicia e provincias. 2023					
		Tutelas	Outros	Total	Total nenos e nenas
A Coruña	Nenos	264	63	327	675
	Nenas	284	64	348	
Lugo	Nenos	42	2	44	90
	Nenas	44	2	46	
Ourense	Nenos	68	4	72	155
	Nenas	70	13	83	
Pontevedra	Nenos	215	30	245	470
	Nenas	207	18	225	
Total Galicia		1.194	196	1.390	1.390

3.2. O acollemento residencial

O acollemento residencial comporta o ingreso dun/dunha menor nun centro residencial xestionado directamente pola Comunidade autónoma ou indirectamente a través dunha institución pública ou privada colaboradora, co obxecto de recibir a atención, educación e formación axeitadas que, polo menos temporalmente, non poida proporcionarlle a súa propia familia.

Ten carácter subsidiario do acollemento familiar e das demais medidas de protección. Isto significa que só se poderá aplicar esta medida cando se esgotaren todas as posibilidades de mantemento da ou do menor na súa familia e o acollemento familiar, a tutela ordinaria ou a adopción non sexan posibles ou se consideren non apropiados.

Esta medida manterase polo tempo estritamente necesario, procurándose a integración da ou do menor no contorno social e o acceso aos sistemas ordinarios educativos, sanitarios, laborais e outros.

Os centros residenciais son de diferentes tipos segundo as súas características. Achégase a continuación unha breve descrición de cada un deles.

- Centros con fogares: son equipamentos residenciais distribuídos en unidades de convivencia dun máximo de 10 prazas en cada unha.
- Mini residencias: Instaladas en vivendas normalizadas, cunha capacidade máxima de 15 prazas.
- Casas de familia: situadas en vivendas normalizadas (pisos ou vivendas unifamiliares), integradas na comunidade e cunha capacidade máxima de 8 prazas.
- Vivendas tuteladas: espazos normalizados, para menores próximos a cumprir a maioría de idade. Teñen unha capacidade máxima de 8 prazas.
- Vivendas de transición á vida autónoma, ou vivendas asistidas, para mozos e mozas maiores de idade (ex-tutelados), que necesitan apoio para acadar a súa autonomía definitiva. Funcionan en réxime de autoxestión baixo a supervisión técnica externa dun educador.

Atendendo á súa xestión, os centros poden ser:

- Propios ou xestionados directamente pola Xunta de Galicia a través de persoal propio.
- Colaboradores ou xestionados por unha entidade prestadora de servizos sociais.

A partir destas dúas características, as táboas que seguen representan, respectivamente, os recursos dispoñibles en cada provincia e en Galicia, o número de prazas en cada un deles e, por último, a distribución dos/das menores en acollemento residencial a partir das dúas primeiras características. Dado que se produciron variacións ao longo do ano, as táboas 3.2.1 e 3.2.2 reflicten a situación a 31 de decembro de 2023.

Táboa nº 3.2.1. Número de centros residenciais para a protección de menores, segundo a súa tipoloxía e a titularidade da xestión. Galicia e provincias. Ano 2023.

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada
Centro con fogares	2	3	1	0	1	1	0	3	4	7
Casas de familia	0	5	0	4	0	4	0	13	0	26
Vivenda tutelada	0	2	0	1	0	1	0	2	0	6
Mini residencia	0	4	0	7	0	1	0	4	0	16
Vivenda asistida	0	0	0	0	0	1	0	1	0	2
C. 1ª acollida	0	0	0	0	0	0	0	1	0	1
Total centros	2	14	1	12	1	8	0	24	4	58
Total públicos e concertados	16		13		9		24		62	

Táboa nº 3.2.2. Número de prazas residenciais para a protección de menores segundo a súa tipoloxía e a titularidade da xestión. Galicia e provincias. Ano 2023.

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada
Centro con fogares	69	75	16	0	56	34	0	133	141	242
Casas de familia	0	40	0	32	0	32	0	102	0	206
Vivenda tutelada	0	16	0	8	0	8	0	16	0	48
Mini residencia	0	46	0	85	0	10	0	55	0	196
Vivenda asistida	0	0	0	0	0	4	0	4	0	8
C. 1ª acollida	0	0	0	0	0	0	0	10	0	10
Total centros	69	177	16	125	56	88	0	320	141	710
Total públicos e concertados	246		141		144		320		851	

**Táboa nº 3.2.3. Menores acollidos en centros segundo a titularidade da xestión.
Galicia e provincias. Ano 2023.**

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas
Centros xestión directa	55	39	2	1	48	32	3	2	108	74
Centros concertados	197	185	98	88	57	47	217	201	569	521
Total provincia/sexo	252	224	100	89	105	79	220	203	677	595
Total menores	476		189		184		423		1.272	

4. Adopción e menores adoptados

O artigo 73. (*Adopción como medida de protección*) da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, expresa, no apartado 1, que *a adopción é unha medida de protección dirixida á persoa menor de idade en situación de desamparo, consistente na integración definitiva desta nunha familia distinta á súa familia de orixe.*

A adopción diferénciase segundo sexa nacional ou internacional.

4.1. Adopción nacional

A adopción nacional constitúe o acto xurídico mediante o que se establece unha relación xurídica de filiación entre a persoa ou persoas adoptantes e o/a menor, extinguíndose así os vínculos deste/a coa súa familia de orixe, e integrándose plenamente no seu novo núcleo familiar cunha equiparación plena de dereitos coa familia biolóxica.

Segundo as lexislacións española e galega, con independencia do seu estado civil, calquera individuo, matrimonio ou parella de feito pode solicitar unha adopción nacional.

Ademais é necesario cumprir os seguintes requisitos:

- Ter como mínimo 25 anos cumpridos; no caso de solicitude conxunta por cónxuxes ou parellas con relación estable análoga á conxugal, bastará con que un deles teña esta idade. En todo caso, o adoptante deberá ter, polo menos, catorce anos máis que o adoptado.
- Ter residencia habitual na Comunidade Autónoma galega ou ser emigrante galego con previsión de retorno; neste caso, deberase xustificar a residencia efectiva na Comunidade Autónoma no prazo máximo dun ano desde a data de presentación da solicitude.
- Ter plena capacidade xurídica e de obrar.
- Estar declarada persoa idónea para a adopción tras o correspondente procedemento de valoración.

Na nosa Comunidade Autónoma os/as menores susceptibles de seren adoptados son tutelados pola Xunta de Galicia, quen se encarga de propoñer a adopción ao xuíz.

As persoas que desexan adoptar deben participar nun proceso que, en síntese, consta das seguintes fases:

- Participación nunha sesión informativa.
- Asistencia a un curso de formación.
- Presentación de solicitude de adopción na xefatura territorial de referencia da Consellería de Política Social e Xuventude, acompañada da documentación esixida.

- Valoración da idoneidade, que consiste nun estudo psicolóxico e social da/s persoa/s que se ofrecen para adoptar, para determinar as súas capacidades parentais como adoptante/s.
- Selección da familia máis axeitada para o/a neno/a que vai ser adoptado/a. Esta selección é diferente segundo se refira a nenos/as menores dun ano de idade ou nenos/as de idade superior, grupos de irmáns ou menores con algunha discapacidade, enfermidade ou característica especial.
- Constitución dunha garda con fins adoptivos ou de adopción.
- Proposta de adopción, formulada ante o xulgado pola xefatura territorial da Consellería.
- Formalización da adopción mediante resolución xudicial.

Táboa nº 4.1.1. Adopción nacional. Nº de solicitudes para adoptar segundo o estado de trámite da solicitude. Galicia e provincias. Ano 2023.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Solicitudes abertas	47	8	4	30	89
Resolucións de garda con fins de adopción	17	4	8	17	46
Propostas de adopción realizadas	11	2	2	8	21
Autos de adopción producidos	11	3 (4 men.)	1	9 (12 men.)	26 (30 men.)

Táboa nº 4.1.2. Menores acabados de nacer dados en adopción. Galicia e provincias. Ano 2023.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Nenos	3	1	2	5	11
Nenas	4	0	0	0	4
Total menores	7	1	2	5	15

4.2. A adopción internacional

A adopción internacional ten lugar cando se produce un traslado dun/dunha menor con fins adoptivos dende o seu estado de orixe, onde reside, cara a outro estado no que residen os pais adoptivos. Na adopción dun/dunha menor de orixe estranxeira intervén, ademais da lexislación española, a do país de orixe do neno ou nena. Daquela, tanto no que se refire ás persoas adoptantes como ás adoptadas, hai que ter en conta as condicións que establece a lexislación dos países de orixe destas últimas.

Para as familias solicitantes de adopción o proceso é semellante ao de adopción nacional en canto ás fases de información, formación, solicitude e valoración de idoneidade, pero moi diferente nas fases posteriores. Así:

- Tramitación da solicitude. Obtido xa o certificado de idoneidade, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica fai chegar o expediente ao país onde se desexa adoptar, e segundo do país que se trate, as canles serán:
- Directamente pola propia Dirección Xeral. A familia deberá enviar toda a documentación que esixa o país de orixe, xunto co certificado de idoneidade.
- A través de organismos acreditados para a adopción internacional (OAAI), dedicados a colaborar coas administracións públicas e cos solicitantes no proceso de adopción internacional.
- Asignación. Cada Estado dispón do seu propio procedemento unha vez recibido o expediente de adopción de familia estranxeira. Cando o órgano competente do país decide unha asignación para unha determinada familia, esta é informada a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para que comunique a súa aceptación do/da menor asignado/a.
- Constitución da adopción. Unha vez comunicada a conformidade coa asignación, o país de orixe continúa a tramitación do expediente ata constituír e formalizar definitivamente a adopción.

**Táboa nº 4.2.1. Solicitudes presentadas para adopción internacional.
Galicia e provincias. Ano 2023.**

A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
21	6	2	11	40

**Táboa nº 4.2.2. Expedientes tramitados pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e
Dinamización Demográfica, por país. Galicia e provincias. Ano 2023.**

Adopción internacional. Expedientes tramitados pola Dirección Xeral segundo a forma de tramitación e por países					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
ACI GALICIA (Asociación para el Cuidado de la Infancia)					
Vietnam	0	0	0	2	2
ADECOP GALICIA					
Honduras	1	0	0	0	1
Vietnam	2	1	0	1	4
MIMO GALICIA					
Bulgaria	1	0	0	0	1
Hungría	7	0	0	0	7
IPI – CATALUÑA					
Senegal	0	0	0	1	1

Adopción internacional. Expedientes tramitados pola Dirección Xeral segundo a forma de tramitación e por países					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
YAMUNA					
Madagascar	0	0	0	2	2
CREIXERT XUNTS					
Serbia	1	0	0	0	1
PROTOCOLO PÚBLICO					
Bulgaria	0	1	0	0	1
Portugal	0	0	0	1	1
Total expedientes	12	2	0	7	21

Táboa nº 4.2.3. Menores con preasignación á familia comunicada á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica por país de orixe. Galicia e provincias. Ano 2023.

Adopción internacional. Preasignacións comunicadas á Dirección Xeral, por país de orixe.					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Bulgaria	1	1	0	0	2
Costa de Marfil	1	0	0	0	1
Hungría	3	0	1	0	4
Rep. Dominicana	1	0	0	0	1
Vietnam	3	0	0	0	3
Total menores	9	1	1	0	11

5. Programas de apoio e beneficiarios

Un dos principios reitores que deben rexer as actuacións dos poderes públicos na protección da infancia e da adolescencia é a integración sociofamiliar dos nenos, nenas e adolescentes, garantindo, sempre que sexa posible, a permanencia no seu ambiente familiar e contorno comunitario.

Para conseguilo, ademais de adoptar, se procede, as medidas de tutela ou garda, os servizos especializados de protección da infancia da Consellería de Política Social e Xuventude, desenvolven os seguintes programas de apoio ás persoas menores e ás súas familias:

5.1. Atención de día

Mediante o programa de atención de día préstaselles aos e ás menores en situación de risco, desamparo ou conflito social, un servizo de apoio socioeducativo e familiar, co obxecto de favorecer o seu proceso de normalización. O programa de atención de día desenvólvese en equipamentos de uso exclusivo para esta finalidade ou ben en unidades específicas existentes en equipamentos de acollemento residencial. Os centros están xestionados pola Administración pública ou concertados con entidades colaboradoras.

Táboa nº 5.1.1. Nº de centros con atención de día segundo a súa tipoloxía e titularidade da xestión. Galicia e provincias. Ano 2023.

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada
Centro con fogares	1	3	0	0	1	0	0	3	2	6
Casas de familia	0	3	0	0	0	0	0	7	0	10
Mini residencia	0	4	0	6	0	1	0	2	0	13
Centro de día integral	0	2	0	3	0	3	0	5	0	13
Total centros	1	12	0	9	1	4	0	17	2	42
Total públicos e concertados	13		9		5		17		44	

Táboa nº 5.1.2. Nº de prazas de atención de día segundo a tipoloxía e a titularidade da xestión do centro. Galicia e provincias. Ano 2023.

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada
Centro con fogares	10	19	0	0	20	0	0	50	30	69
Casas de familia	0	10	0	0	0	0	0	17	0	27
Mini residencia	0	17	0	22	0	4	0	11	0	54
Centro de día integral	0	36	0	53	0	33	0	86	0	208
Total centros	10	82	0	75	20	37	0	164	30	344
Total públicos e concertados	102		75		57		164		388	

Táboa nº 5.1.3. Menores en atención de día segundo a titularidade de xestión do centro. Galicia e provincias. Ano 2023.

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas
Centros propios	16	10	0	0	8	7	0	0	24	17
Centros colaboradores	60	46	66	48	38	24	104	70	268	188
Total nenos/nenas	76	56	66	48	46	31	104	70	292	205
Total menores	132		114		77		174		497	

5.2. Programa de integración familiar (PIF) 2023

Este programa, mediante unha intervención integral educativa, terapéutica e psicosocial nos núcleos familiares, ten un triplo obxectivo:

- Acadar a integración familiar de nenos/as institucionalizados (reunificación familiar). O programa traballa para mellorar a situación persoal, social e familiar dos/das menores que tiveron que ser separados das súas familias e residen en centros de acollida. A intervención realízase no núcleo familiar e en coordinación cos responsables do/da menor no centro.
- Evitar a separación familiar e o previsible internamento dos nenos/as (preservación familiar). Ante a detección de indicadores de risco, trátase de intervir reforzando a cohesión familiar así como potenciando os seus recursos, para promover cambios que eviten a separación do/da menor do seu contorno.
- Funcionalidade familiar: romper dinámicas de deterioración grave en familias que teñen contactos cos seus fillos e fillas, posibilitando que as familias acaden a funcionalidade mínima necesaria para constituír unha referencia positiva para os seus fillos e fillas.

Táboa nº 5.2.1. Menores atendidos no Programa de integración familiar segundo a modalidade de intervención. Galicia e provincias. Ano 2023.

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas
Reunificación familiar	5	8	17	15	7	7	21	34	50	64
Preservación familiar	15	17	22	19	10	10	14	9	61	55
Funcionalidade Familiar	35	10	6	2	2	4	0	0	43	16
Total nenos/nenas	55	35	45	36	19	21	35	43	154	135
Total menores	90		81		40		78		289	

Táboa nº 5.2.2. Familias atendidas no Programa de integración familiar segundo a modalidade de intervención. Galicia e provincias. Ano 2023.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Reunificación familiar	8	24	12	38	82
Preservación familiar	22	21	14	14	71
Funcionalidade familiar	27	6	6	0	39
Total familias	57	51	32	52	192

5.3. Programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco e desamparo.

Este programa de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Fundación Universidade da Coruña inclúe o deseño e a aplicación do tratamento terapéutico aos menores derivados polos equipos técnicos de menores. Son beneficiarios os menores con expediente aberto no Servizo de Protección das catro provincias galegas que amosen desaxustes emocionais e de conduta severos, orixinados ou relacionados coa situación de desprotección que sufriron. Poderán ser beneficiarios igualmente a familia biolóxica ou acolledora do menor e os profesionais que se ocupan del.

Táboa nº 5.3. Programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco e desamparo.. Galicia e provincias. Ano 2023.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Nenos	101	14	32	39	186
Nenas	103	50	44	78	275
Total menores	204	64	76	117	461

5.4. Programa de intervención ambulatoria con adolescentes que teñan aberto expediente de protección e en conflito social.

Este programa ten por obxecto a asistencia individualizada e especializada nos eidos psicolóxico e socioeducativo dos menores que presentan perfís caracterizados por condutas disociais, comisión de delitos, consumo de drogas, fracaso, expulsión e/ou violencia escolar, pertenza a grupos xuvenís disociais, trastornos psicopatolóxicos, etc. O seu obxectivo é realizar un labor preventivo tratando de minimizar as condutas problemáticas, co fin de evitar o seu agravamento e reducir a probabilidade dunha intervención máis intensa. O programa desenvólvese na cidade de Vigo.

Táboa. 5.4.1 Programa de intervención ambulatoria con adolescentes que teñan aberto expediente de protección e en conflito social. Ano 2023.

Nenos	46
Nenas	79
Total menores	125

5.5. Programa de inserción sociolaboral de menores (Mentor)

O Programa Mentor pretende a inserción sociolaboral de mozos/as maiores de 16 anos, e menores de 21 (excepcionalmente, ata os 25), que estean ou teñan estado tutelados/as ou en situación de garda pola Xunta de Galicia, e que queiran incorporarse ao mundo laboral. O seu obxectivo é mellorar a calidade de vida destes/as mozos/as por medio dun proxecto individualizado que lles garanta unha inserción laboral e unha capacitación para a vida independente, de maneira que ao acadar a maioría de idade poidan ser plenamente autónomos.

**Táboa nº 5.5.1 Programa de inserción sociolaboral de menores. Mentor.
Galicia e provincias. Ano 2023.**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Mozos	118	59	105	141	423
Mozas	81	49	68	114	312
Total	199	108	173	255	735

6. Nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados (NNAMNA)

Son menores de idade procedentes doutros países que se atopan en España en situación de desamparo por non estaren acompañados de ningún familiar.

Táboa nº 6.1. Nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados (NNAMNA). Galicia e provincias. Ano 2023. Galicia e provincias. Ano 2023.

Menores estranxeiros non acompañados. Galicia e provincias. Ano 2023.					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Nenos	49	18	28	19	114
Nenas	25	9	3	1	38
Total menores	74	27	31	20	152

Táboa nº 6.2. Países de procedencia dos nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados (NNAMNA). Galicia. Ano 2023.

Nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados (NNAMNA), segundo a procedencia e o sexo. Galicia . Ano 2023.			
País	Nenos	Nenas	Total
Afganistán	0	1	1
Alxeria	1	1	2
Arxentina	0	1	1
Brasil	3	4	7
Colombia	0	3	3
Costa de Marfil	6	4	10
Gambia	3	1	4
Ghana	1	0	1
Guinea Ecuatorial	4	4	8
Honduras	0	1	1
Malí	8	0	8
Marrocos	63	6	69
Mauritania	1	0	1
México	1	0	1

Nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados (NNAMNA), segundo a procedencia e o sexo. Galicia . Ano 2023.			
País	Nenos	Nenas	Total
Nicaragua	1	0	1
Nixeria	1	0	1
Perú	2	0	2
Portugal	1	0	1
Rep. Dominicana	5	6	11
Senegal	7	1	8
Ucráína	1	2	3
Uruguai	0	2	2
Venezuela	1	5	6
TOTAL NNAMNA	110	42	152

7. Liña de axuda á infancia

A liña de axuda á infancia é unha liña gratuíta que funciona durante todo o ano, as 24 horas do día. O seu obxecto é proporcionar axuda aos nenos necesitados de coidados e protección, a quen se subministrarán servizos e recursos tendentes a satisfacer as súas necesidades. Serve tamén para que os nenos poidan expresar libremente as súas preocupacións, falar sobre problemas que lles afecten directamente e avisar a alguén que poida proporcionarlles axuda en caso de urxencia. Está atendido por profesionais que prestan o asesoramento axeitado e notifican inmediatamente a situación aos servizos que corresponda. Desde o 2012 funciona co número único europeo 116111.

Táboa nº 7.1. Liña de axuda á infancia. Nº de chamadas por tipoloxía da demanda. Galicia e provincias. Ano 2023

Tipoloxía do motivo da chamada por provincias

Liña de axuda á infancia. Nº de chamadas por tipoloxía da demanda. Galicia e provincias. Ano 2023								
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	R.E. ¹	S/C ²	Totais
Comunicación/sospeita de maltrato	83	17	13	89	202	0	0	202
Problemas de conduta	11	1	0	5	17	0	12	29
Internamento	47	11	13	34	105	4	2	111
Problemas escolares	1	1	0	4	6	0	7	13
Problemas xudiciais	3	1	0	6	10	1	12	23
Dificultade na estrutura ou dinámica familiar	15	6	2	26	49	1	16	66
Adicións	0	0	0	0	0	0	0	0
Embarazo	0	1	0	0	1	0	1	2
Dificultade nas relacións	3	0	0	6	9	0	6	15
Asesoramento	66	14	14	76	170	4	197	371
Información	74	10	16	82	182	6	177	365
Outras	22	6	12	36	76	2	391	469
Coordinación	1	0	0	5	6	0	0	6
Total chamadas	326	68	70	369	833	18	821	1.672

¹ R.E. Resto de España

² S/C Sen clasificar

Táboa nº 7.2. Liña de axuda á infancia N° de chamadas de comunicación de sospeita de maltrato, segundo a gravidade. Galicia e provincias. Ano 2023.

Liña de axuda á infancia. Chamadas de comunicación de sospeita de maltrato, segundo a gravidade. Galicia e provincias. Ano 2023								
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	R.E. ¹	S/C ²	Totais
Grave	34	6	6	31	77	0	0	77
Moderado	33	9	6	41	89	0	0	89
Leve	13	2	1	16	32	0	4	36
Total chamadas	80	17	13	88	198	0	4	202

Táboa nº 7.3. Liña de axuda á infancia. N° de chamadas segundo o tipo de intervención requirido. Galicia e provincias. Ano 2023.

Liña de axuda á infancia. Chamadas segundo o tipo de intervención requirido. Galicia e provincias. Ano 2023.								
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	R.E. ¹	S/C ²	Totais
Atención directa	188	39	44	236	507	14	819	1340
Derivación Serviz. Sociais	0	0	0	0	0	0	0	0
Derivación GOF	1	0	0	1	2	0	1	3
Derivación CPF	0	0	0	0	0	0	0	0
Derivación ETM	137	29	26	132	324	4	1	329
Derivación. Outros	0	0	0	0	0	0	0	0
Total chamadas	326	68	70	369	833	18	821	1.672

¹ R.E. Resto de España

² S/C Sen clasificar


Táboa nº 7.4. Liña de axuda á infancia. Nº de chamadas segundo a tipoloxía do interlocutor. Galicia e provincias. Ano 2023

Liña de axuda á infancia. Chamadas segundo a tipoloxía do interlocutor. Galicia e provincias. Ano 2023 ³ .								
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	R.E.	S/C	Totais
Menor	13	2	2	23	40	3	139	182
Pai/nai/titor/a	58	15	6	71	150	3	168	321
Outro familiar	25	2	6	34	67	6	61	134
Veciño/coñecido	7	4	0	23	34	0	51	85
Profesional	136	30	23	155	344	2	52	398
Anónimo	1	1	2	2	6	0	226	232
Outro	8	0	3	5	16	0	304	320
Total chamadas	248	54	42	313	657	14	1.001	1.672

³ Neste cadro a distribución xeográfica refírese á orixe da chamada, non ao lugar de residencia do/da menor

Táboa nº 7.5. Liña de axuda á infancia. Nº de chamadas segundo a idade e o <<sexo do/da menor ao que se refire a chamada. Ano 2023.

Liña de axuda á infancia. Chamadas segundo a idade e sexo do/da menor. Ano 2023				
	Homes	Mulleres	Sen clasificar	Total
0-4 anos	89	61	8	158
5-10 anos	102	89	9	200
11-15 anos	160	152	9	321
16-18 anos	141	97	5	243
>=18 anos	1	0	0	1
Sen clasificar	121	87	541	749
Total chamadas	614	486	572	1.672



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE